ABRENTE

REVISTA GALEGA

1940

BUENOS AIRES

ÍNDICE XERAL

I. Un único *Abrente* (1940)

II. A Casa de Galicia e *Abrente*

III. A Revista *Abrente*

a) Ficha técnica

b) Índice de colaboradores

I. UN ÚNICO *ABRENTE* (1940)

Cando unha publicación periódica sae á luz, o normal é que o faga con vocación de durar, de permanecer. Ocorre con certa frecuencia, porén, todo o contrario, e o que foi un proxecto entusiasta e con futuro convértese nunha mostra case nonnata, efémera, cuxo primeiro paso acaba por ser o último. Tal circunstancia non é insólita no mundo da cultura, con frecuencia proclive a proxectos nos que a ilusión tenta suplir todo tipo de carencias: dende a inexperiencia profesional ata a inexistente base económica.

Mais imos ao que importa. No eido da prensa galega da emigración na Arxentina existen algunhas cabeceiras de número único (certamente: algunhas non pretendían superar esa feble barreira) e outras moitas que non chegaron máis aló dos catro ou cinco. *Abrente* (1940), que reivindica a herdanza e continuidade dunha óptica ideolóxica nacionalista e que precisa con claridade na súa cuberta o número e a data da súa aparición, é un axeitado exemplo de tentativa frustrada nada máis nacer, malia confesárense "Cheos d'optimismo, coa ledicia dos nenos que dan os seus primeiros pasos na vida..." (de acordo co escrito en "Roteiros", o seu editorial) e fialo todo –ou case– á boa vontade dos irmáns galegos; irmáns que, en materia de prensa, en Bos Aires, viron frustradas outras cabeceiras así mesmo de número único.

Así acontece co *Almanaque Gallego* (1909) de Fortunato Cruces, que non tivo a feliz continuidade do que entre 1898 e 1927 foi publicado por Manuel Castro López cunha envexable continuidade. Na mesma liña están *Alalá* (1-V-1935, número único), revista de Artes e Letras editada pola coral Os Rumorosos, onde a música adquire un posto de privilexio; *Alborada* (aparecida o 8-VI-1907), editada polo Orfeón Mindoniense, que rende homenaxe ao gran Pascual Veiga, figura da música máis propiamente galega; *Cuco-Rei (¿Cantos anos vivirei?)*, que en 1970 vía a luz da man de Luís Seoane, coa presenza nas súas escasas seis páxinas de Carlos Maside e Lorenzo Varela; *Agarimo* (1957), revista Pro Hogar Gallego para Ancianos, na que deixan as súas achegas Avelino Díaz, Eduardo e José Blanco Amor, Ramón de Valenzuela, Ramón Rey Baltar e outros; *Coro Galego Brétemas e Raiolas* (1958), no que salienta o privilexiado emprego do galego como canle de expresión e onde colaboran Neira Vilas,

Alberto Vilanova, Suárez Picallo, L. Carré Alvarellos, Bieito Cupeiro, R. Rey Baltar, etc.; *Boletín informativo Mareaxe* (1995), da sociedade Finisterre, cultural, recreativa e deportiva; *Lérez* (1962), publicación voceira do Centro Pontevedrés, que conmemora nela o seu vixésimo aniversario; *Follas do Grupo Galeguista de Bos Aires* (194...?), outra manifestación da prensa política que promove o ideario do nacionalismo e que, polo tanto, hai que situar a carón de *Abrente* (1940), coa que rematamos este incompleto mais significativo percorrido.

II. A CASA DE GALICIA E ABRENTE

Convirá non esquecer que tras de moi boa parte da nosa prensa emigrante están –promovendo ou apoiando o seu desenvolvemento– as sociedades ou institucións galegas nas que, cun minifundismo feito tradición, se agrupan os galegos ben polo seu común lugar de nacemento, ben por razóns ideolóxicas. As inevitables discrepancias e enfrontamentos no seo destas sociedades fixo habituais os episodios de secesión e a multiplicación de casas, centros, lares e fogares que, nos anos 1999-2001 eran, na Arxentina, 76 de acordo coa listaxe de José R. Andrade Cobas[1] e 71 segundo Carlos Sixirei Paredes[2]. No reconto establecido polo primeiro distingue 46 específicos e 25 xenéricos.

Pois ben, *Abrente* (1940) foi iniciativa auspiciada pola Casa de Galicia e xa na p. 6 da publicación o titular "Castelao en Casa de Galicia" é elocuente. Dá conta o breve escrito que precede ás palabras de Castelao, da chegada do líder galeguista á Casa de Galicia, xunto coa súa dona, o 27 de xullo, onde o recibiu Ramón Rey Baltar, presidente da sociedade, xunto cos participantes na función artístico-musical que tivera lugar no Teatro Maravillas o 25 de xullo, Día de Galicia.

A antedita función habida no Teatro Maravillas na festa do Apóstolo ten en *Abrente* a súa pequena crónica, escrita (p. 19) por José Blanco Amor, que fala da actuación do Coro Ultreya, da Orquesta Casa de Galicia, doutros artistas que interviron e do saúdo de

[1] *Galleguidad en la Argentina*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1999.

[2] *Asociacionismo Galego no exterior*, t. I, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2001.

Castelao, que "se adelantó al proscenio para saludar a sus compatriotas de Buenos Aires. La presencia del gran artista evidencia cuánto se le quiere y cuál era el deseo de verle entre nosotros".

En fin, certamente emotivo é o escrito de benvida (p. 2) a Castelao cando desembarca en Bos Aires. Na fotografía que ilustra o artigo está a instantánea dun pequeno comité de recepción onde, á esquerda, figura Eduardo Blanco Amor, e no centro, Castelao, "o noso guieiro... un xefe que nos guíe... o árbitro das nosas cuestións e dos nosos destinos". A Casa de Galicia, o Centro Gallego ou a Federación de Sociedades Gallegas non faltaron no intre do comezo do exilio do rianxeiro na Arxentina.

Cumprirá aquí, nesta recuperación de *Abrente* (1940), lembrar que a Casa de Galicia de Bos Aires nace en setembro de 1918, froito da fusión de catro entidades: Asociación Coral Gallega, Agrupación Artística Gallega, Junta Regionalista Gallega "A Terra" e Orfeón Gallego Primitivo. Esta iniciativa unionista partiu dun verinés, José Barrio, a quen apoiaba Francisco Lamas Salgado. O primeiro deles foi co-propietario do xornal *Correo de Galicia* (1908-1945), fundado e dirixido por José Ramón Lence, e dirixiu o *Noticiero Español*.

"Acción Social, Cultura, Regionalismo, Recreo" eran os campos de actuación da Casa, que co paso do tempo desenvolvía actividades de tipo docente, artístico e societario. Da primeira Junta Directiva foi presidente Luis López Páez e vicepresidentes José Barrio e José Rabuñal. Domingo Rial Seijo, un dos fundadores de *Céltiga* (1924-1932), era o Secretario Xeral. Foron actos característicos da sociedade, ademais dos moi concorridos xantares, a súa Semana Gallega e os Juegos Florales de 1920, que tiveron lugar, naquel ano, no Teatro Colón. Linares Rivas, Ofelia Nieto, A. Rey Soto, Jaime Solá e outras personalidades visitaron a Casa, que no seu ideario galeguista mantiña un rexionalismo con aspiración autonomista no contexto nacional español. En 1922 comezaron as disensións ideolóxicas e logo socio-culturais (o proxectado Ateneo quedou en Sala de Xogos). En 1922 remataba a xeira da Casa de Galicia e comezaba a do Hogar Gallego (a súa revista voceira aparece, co mesmo título de *Hogar Gallego*, o día 1 de xuño de 1922, dirixida por Andrés Rodríguez Barbeito). Engadamos que en 1920 a Casa inauguraba unha filial en Bahía Blanca. A súa publicación voceira, *Acción Gallega* –da que daremos conta– non pasou do seu ano fundacional, 1923, cando desapareceu xunto coa sociedade que a sostiña.

A Casa de Galicia que en 1940 recibe a Castelao como guieiro do galeguismo é a que Alberto Vilanova chama "La nueva Casa de Galicia", con sede social en Corrientes, número 1854 e hoxe en San José, 224, fundada (ou mellor, refundada) en 1933, concretamente o día 21 de setembro. *Airiños* (1944) foi a súa publicación voceira. Moito deberon cambiar as cousas na nova Casa, tan afervoada co símbolo do nacionalismo (Castelao), para que A. Vilanova fale dela, nos anos sesenta, como reduto franquista cuxa "principal preocupación se ha limitado en los últimos años a una continuada sesión de bailes y festejos, salvo alguna que otra conferencia"[3]. Noutro lugar do seu citado libro, Alberto Vilanova matiza no sentido de que "En 1939 mediante un entendimiento con la Casa de Galicia, por una parte, y el Grupo Galleguista por otra [ademais da sociedade Coro Lembranzas de Ultreya], se concretó la fusión de las tres sociedades (...) Las finalidades eran atraer Casa de Galicia para el galleguismo y para los gallegos, dándole un acento patriótico de que carecían (...) Desgraciadamente no fueron bien interpretadas estas finalidades y al poco tiempo (1941), algunos elementos de Ultreya y del Grupo Galleguista se retiraron en forma particular y fundaron la «Irmandade Galega», perdiéndose Casa de Galicia para la galleguidad"[4]. Esta nova Casa de Galicia continuaba a súa xeira polo menos ata 2001. Das súas actividades daba conta Carlos Sixirei[5]. Temos que deixar constancia, no remate deste apartado, dalgunha disfunción ou irregularidade cronolóxica entre as datas propostas por A. Vilanova para a desaparición da Casa de Galicia (a vella) e a posta en marcha do Hogar Gallego e as datas de aparición dalgunhas publicacións voceiras da Casa ou do Hogar para Ancianos. En calquera caso, a partir de 1922 a crise da Casa é un feito, aínda que posiblemente, de acordo coas datas fundacionais de cabeceiras como *Dolmen* (1929), voceira da "Nueva casa" ou o *Boletín Oficial* (1929), tamén da "Nueva casa", houbera tentativas de refundación ou renovación societaria que non callaron senón en 1933, circunstancia na que todos coinciden.

[3] Vx. Alberto Vilanova Rodríguez, *Los gallegos en la Argentina*, tomo II, Buenos Aires: Ediciones Galicia, 1966, páx. 1394.

[4] Op. cit., páx. 1426.

[5] Op. cit., páxs. 150-151.

DOLMEN

REVISTA OFICIAL

DE LA

ASOCIACION

NUEVA CASA DE GALICIA

AÑO III	Buenos Aires, Oct., Nov. y Diciembre de 1931	Núm. 26 - 27 - 28



letín Oficial

DE

NU[illegible] DE GALICIA

LEMA: [illegible] cia y para España



Evocación de nuestro pasado

moza

re

III. A REVISTA *ABRENTE*

a) Ficha técnica

TÍTULO: *Abrente.*

SUBTÍTULO: Revista Galega.

LUGAR: Bos Aires (Arxentina).

ANO DE COMEZO / FINAL: 1940.

TOTAL DE NÚMEROS: 1, datado o 25 de xullo de 1940 (Día de Galiza).

EDITADA POR: Casa de Galicia (Bos Aires).

ENDEREZO DA REDACCIÓN: San José, 224 (Bos Aires).

LINGUA: Bilingüe, mais con numerosos textos en galego da autoría de: Castelao, Victoriano Taibo, Johan G. Francisco, Manuel Prieto Marcos, Victoriano Buxán Rivas, Alexandre Bóveda, E. Pondal, Álvaro Cunqueiro, Vicente Barros e Antonio Regueiral. A lingua de expresión oficial da revista é o galego, e así consta en diversas notas ao longo das páxinas e aínda no editorial –"Roteiros"– no que *Abrente* se presenta como herdeira e continuadora do galeguismo nacionalista, que viu como en 1936 a súa "obra quedou desfeita por unha inicua traizón" e tenta loitar por "unha Galiza grande e ceibe" que naquel intre –1940– "xaz agrilloada. Galiza está muda. A dôr i o espanto deixárona sin fala".

IMPRIME: Imp. Iglesias y Matera, r/ Corrientes, 1258 (Bos Aires).

FORMATO: 31 x 23 cms.

NÚMERO DE PÁXINAS: 19 numeradas, máis 3 de publicidade sen numerar.

PUBLICIDADE: Relativamente pouca, reducida a pouco máis de catro páxinas ao final.

TEMÁTICA. CONTIDOS: Moi en síntese, as figuras de Castelao e Alexandre Bóveda aparecen aquí homenaxeadas como símbolos do galeguismo nacionalista, adscrición política, como xa anotamos, predominante en *Abrente* e explicitada con claridade no "Roteiro" editorial que abre a publicación. Vicente Barros (p. 16) fala dunha "Galiza, libre das trabas do sistema tributario hespañol"; dunha "Galiza libre... nazón libre...". Resoan aquí a dor, o sufrimento de Galicia pola traxedia da Guerra Civil de 1936. Reitérase unha e outra vez a exaltación da terra, do país nos ámbitos da cultura, da literatura, das artes plásticas (privilexiadas nas seccións "Os nosos artistas" e "Os nosos pintores"), na súa pegada en Arxentina, na súa paisaxe, na traumática emigración, na constante da saudade, nas súas grandes figuras. Axudar na loita da pervivencia do nacionalismo sostido en Galicia polos "nosos irmáns caídos ou asoballados" nunha loita entusiasta e esperanzada, ocupándose ademais da lingua, cultura e cuestións económicas propias de Galicia: velaquí ideal e meta a conseguir. Estamos, en síntese, nunha revista de tipo político-cultural, que ten en conta o contexto arxentino, que emprega o galego como canle expresiva e que reserva algún apartado para falar da sociedade da que é voceira, Casa de Galicia.

COLABORADORES LITERARIOS: Vicente Barros, José Blanco-Amor, Alexandro Bóveda, Victoriano Buxán Rivas, Castelao, Francisco Alberto Cernello, Martín Codax, Álvaro Cunqueiro, Marcelino Domingo, Johan G. Francisco, Emilio Pita, Eduardo Pondal, M. Prieto Marcos, Antonio Regueiral e Victoriano Taibo. Como é lóxico, os textos de Martín Codax ou Pondal figuran en calidade de colaboracións pasivas ou indirectas, escollidas pola dirección da revista.

ILUSTRADORES: Nas dúas seccións citadas figuran obras de Castelao, José Suárez, Ribas e Colmeiro.

FONTES: Este número, número único, de *Abrente* é accesible, que saibamos, na Biblioteca Penzol, de Vigo, e na do Instituto Padre Sarmiento, de Santiago.

TIRAXE: Como en tantos outros casos, descoñecémola.

OUTRAS PUBLICACIÓNS DA CASA DE GALICIA: Consignamos, ademais deste *Abrente* (1940), as seguintes:

I) *Acción Gallega* (1920-1925). Voceira da Casa e dirixida por Rodolfo Prada. Entre os seus redactores figura Eduardo Blanco Amor. Teñen particular interese (aínda que non por igual en todos os números) as ilustracións, das que salientan as de Castelao, Lourido, Álvarez de Sotomayor, Plácido Isasi, Santiago, P. Puga, Díaz, etc., xunto cun moi notable material fotográfico. Nunha síntese caracterizadora está ben xustificado dicir que é unha revista societaria, cultural e ilustrada. Chegou ata o nº 58 (do que temos constancia) cun considerable número de páxinas (máis de trinta habitualmente) por número.

II) *Acción Gallega* (1923). Voceira da filial da Casa de Galicia na cidade de Bahía Blanca.

III) *Airiños* (1944-1983). Bos Aires. Revista de la Asociación Casa Galicia. Dirixida por Ramón Berdullas no seu número de 1983, conmemorativo do cincuentenario da fundación da Casa. Bilingüe e con moitos e interesantes colaboradores literarios. En 1964 tiraba un número conmemorativo dos vinte anos da creación da mesma revista.

IV) *Casa de Galicia*. Revista mensual de la Asociación. Dirixida por J. E. Groba xa en 1935, ano da súa fundación (e único da súa moi curta andaina). Foi unha publicación societaria con escaso relevo no cultural.

V) No ano 1929 aparece o *Boletín Oficial de la Sociedad Nueva Casa de Galicia*, fundada esta entidade nese mesmo ano. Foi este *Boletín* mensual e bilingüe e no ano 1931 tiraba o nº 29, último que coñecemos. Antonio Losada, P. Veiga e Manuel Prieto foron os seus directores. No cultural contou con achegas de escritores como Fortunato Cruces, Valentín Paz

Andrade, Joaquín Pesqueira, A. Noriega Varela, Manuel R. Posse, Herminia Fariña e outros.

VI) Así mesmo, esta Nueva Casa de Galicia tivo en *Dolmen* (1929-1930) unha publicación voceira, que en definitiva non era senón a que substituía ao referido *Boletín*. Deste e mais de *Dolmen* ocupámonos no seguinte apartado.

A NUEVA CASA DE GALICIA E AS SÚAS PUBLICACIÓNS. *BOLETÍN OFICIAL* E *DOLMEN*: A chamada Casa de Galicia tivo dous episodios fundacionais: o primeiro en 1918 e o segundo en 1933 (21 de setembro). No intermedio, en 1928, apareceu unha nova entidade, Asociación Nueva Casa de Galicia, que en decembro de 1931, nas páxinas da súa revista voceira, *Dolmen* (números 26, 27, 28) dicía celebrar "el cuarto Aniversario de su Fundación". Co lema "Por Galicia y para España" esta nova Casa presentaba xa en 1929, no mes de xullo, o *Boletín Oficial de la Sociedad Nueva Casa de Galicia*, formato 27 x 18 cms., da que era director Antonio Losada, mentres na Comisión de Prensa figuraban Pedro Pena, Cayetano T. Guerra e Arsenio Sáenz.

Fomentar as actividades de tipo cultural, protexer aos emigrantes, estreitar a relación con Arxentina, exaltación e coñecemento de Galicia son metas do *Boletín* mensual que no editorial –"Nuestros propósitos"– fala de organizar "exposiciones, conferencias científicas, literarias y musicales, instituyendo premios siempre que lo juzgue conveniente", e de "fomentar y difundir... las costumbres de Galicia... enaltecer su potencialidad agrícola y ganadera... fomentar el turismo...".

Pouco diso, porén, é o que advertimos neste modesto e moi limitado *Boletín* de carácter societario, cunha moi pobre presenza da lingua galega –"Hablemos castellano" propugna un dos seus artigos (nº 1, p. 5)– e moi escasa entidade nas súas contadas páxinas culturais. "Actualidades" españolas e arxentinas, "Notas" sociais ou soltas son as súas seccións primeiras. Ningunha sinatura coñecida temos no nº 1 onde, agás información societaria, nada hai digno de mención.

Nos posteriores números que consultamos constatamos que o *Boletín* se distribúe gratuitamente aos socios e que o enderezo da súa Redacción está en

San Martín, 474, en Bos Aires. Algo mellora o *Boletín* na edición das súas páxinas e, por exemplo, comezamos a atopar algunhas fotografías de interese, sempre de xuntanzas societarias. No nº 4 (outubro de 1929) temos achegas sobre o escritor Waldo Frank, sobre Antonio Boo, novo presidente do Centro Galego bonaerense, e especialmente sobre Fortunato Cruces, director de *Nova Galicia*, do que se reproduce o poema "¿Vives, ou non?" (asinado co pseudónimo "Vetroles"). Novas hispanas, arxentinas e uruguaias e novas páxinas societarias completan este número, no que hai un curioso debuxo no que aparece o gaiteiro Coruxeiras, o máis popular de Lugo.

Con Pedro Pena como presidente da Nueva Casa e Máximo Musi como vicepresidente, o nº 8 do *Boletín* (febreiro de 1930) informa da homenaxe de Ferrol a Concepción Arenal ao tempo que Matías Escariz y Méndez colabora co poema "Saúdo", unha das contadísimas mostras en galego. De Juan Fernández Merino é "Mi oración por Galicia", novo poema, e reprodúcese unha información de *La Voz de Galicia* sobre "La repoblación forestal".

Achegas literarias de Luis Taboada, Herminia Fariña ou R. Veiga González son do pouquísimo a ter en conta no nº 12 (xuño de 1930), no que "Sensitiva" asina o poema "A ollada do raposo". Todo o demais é materia informativa da Nueva Casa. En fin, para rematar este breve percorrido o nº 13 (xullo, 1930) é un especial (40 páxinas) dedicado ao Día de Galicia, no que se conmemora o primeiro aniversario do *Boletín* mensual. A celebración da Semana de Santiago ocupa amplo espazo e aínda Blas Agra Mancebo teima na "Exaltación de Galicia". Hai achegas de asunto uruguaio e arxentino e, por vez primeira, son dignas as páxinas literarias con Cabanillas ("Camiño longo"), Joaquín Pesqueira ("Santiago de Compostela"), Fortunato Cruces ("Piedra-barca de Lestrove") e ata a letra do himno de Uruguai. A ter en conta as fotos da Galicia "pintoresca" e da que non o é.

Un único número puidemos consultar de *Dolmen*, "Revista Oficial de la Asociación Nueva Casa de Galicia" (nº 26, 27, 28, de outubro-decembro de 1931). A alegoría da República española –coa bandeira tricolor ao fondo– preside a cuberta deste *Dolmen* que é evidente continuador do *Boletín Oficial* aínda que agora a pegada galeguista é moito máis fonda. Acreditan esta observación textos como a letra do himno galego; o artigo "Canto de arriero"; a sección "Lírica gallega" cos poemas "Consolo", de Manuel Prieto e "O río

Miño", de F. Salgado y López Quiroga; o traballo de V. Paz Andrade, "La casa del trabajador rural"; os "Versos a Galicia", de Eugenio Morales Sánchez; o "Match internacional. Monólogo gallego" (texto teatral en galego), de Manuel R. Posse; o anónimo "Musa popular" e ata a mensaxe inequívoca ao pé dunha das páxinas: "Quen non fala galego, non é bo galego". Por certo que neste número cambia *Dolmen* de director. Se con anterioridade eran Antonio Losada e R. Veiga os que compartían esa responsabilidade, agora pasa a Manuel Prieto.

OUTROS *ABRENTE*: Esta cabeceira reaparece no *Abrente* (1960) da Casa de Galicia de Valladolid. A revista, activa aínda hoxe, contou e conta con sinaturas salientables como Cunqueiro, Celso E. Ferreiro, M. Cuña Novás, Otero Pedrayo, Augusto Mª Casas, Luciano del Río, Gerardo Diego, etc.

Moi anterior é o *Abrente* "Boletín da Congregación da Anunciada e San Luis Gonzaga", que aparece en Santiago de Compostela o día 2 de xaneiro de 1928 polo que respecta ao nº 2, primeiro coñecido. O nº 1 tivo que estar datado en 1927. Trátase dunha publicación de temas e cuestións relixiosas, mais aberta tamén á literatura. Tirso Virgós, Xosé de San Lois, C. Núñez Cea, Antonio Asorey, Isidro Conde, Luis Facal, G. Torrente Ballester ou B. Varela Jácome colaboran nesta publicación, que coñeceu tres etapas e chegou polo menos ata 1941.

Por fin, en 1969 xorde na Coruña o *Abrente* "Revista de la Real Academia de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario" que dirixía Manuel Chamoso Lamas. Impresa en Moret, na Coruña, e con máis de cen páxinas por número, este *Abrente* "de investigación y ensayo"[6] contou co apoio económico da Fundación Barrié de la Maza e coas achegas de F. Vales Villamarín, E. Chao Espina, M. Vázquez Seijas e o mesmo Chamoso Lamas entre un grupo de sinaturas de historiadores.

[6] Enrique Santos Gayoso, *Historia de la prensa gallega (1800-1993)*, t. II, Sada (A Coruña): do Castro, 1995, páx. 147.

b) Índice de colaboradores

BARROS, Vicente: “En col da economía galega”, p. 16.

BLANCO-AMOR, José / J. B. A.: “Deshumanización del emigrante”, p. 14.

“El festival del Teatro Maravillas”, p. 19.

BÓVEDA, Alexandro: “Temos que crear o noso baile nacional” (texto enviado ás Mocedades Galegas de Bos Aires), p. 8.

BUXÁN RIVAS, Victoriano: “Homes do galeguismo. Alexandro Bóveda”, con fotografía de A. Bóveda, pp. 3-4.

CASTELAO: “Estampa”, ilustración, p. [9].

CERNELLO, Francisco Alberto: “Aquella tierra galaica”, p. 8.

COLMEIRO, Manuel: “Xuntando folla”, óleo, p. 13.

DOMINGO, Marcelino: “El paisaje de Galicia”, con ilustración fotográfica, pp. 15-16.

G. FRANCISCO, Johan: “Primerio saúdo pra os nosos mártires”, p. 4.

PITA, Emilio (Selección e notas): “Itinerario lírico da poesía galega”, cunha viñeta, p. 11. Abrangue:

1. Martín Codax: “Ondas do mar de Vigo”.
2. Álvaro Cunqueiro: “No niño novo do vento”.

PONDAL, Eduardo: “A fala”, poema, p. 10.

PRIETO MARCOS, (Manuel): “Verbas para meu relembro”, II, p. 10.

REIGUERAL, Antonio: “Follas do meu diario. Reminiscencias d-outra generación”, p. 17.

RIBAS: “Pescantina de Soage”, ilustración (debuxo), p. [7].

S/S: “Castelao en Casa de Galicia”. Presentación. Breve discurso de Castelao. Ilustración de Maside (gravado ao linóleo), p. 6.

“Eisito merecido”, p. 19.

“O noso Castelao”, con ilustración fotográfica, p. [2].

“Os nosos artistas”, p. 10.

“Roteiros. O noso deber”, p. [1].

“Un amigo de los gallegos. El doctor Néstor Aparicio”, con ilustración fotográfica, p. 12.

SUÁREZ, José: “Redes ao sol”, fotografía, p. 5.

TAIBO, Victoriano: “A Patria Galega”, poema, p. 8.